

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO SOSTIBLE**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados da consolidación da oferta turística sostible como eixe da comercialización turística en Galicia.

Dita subvención terá como finalidade establecer entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia unha serie de liñas de actuación para o fortalecemento e difusión da oferta turística sostible na canle de comercialización do sector turístico de Galicia, incluíndo as actividades de comunicación, promoción e soporte na comercialización de produto turístico sostible.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano



da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

**Segundo.-** A asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

**Terceiro.-** A OMT define o turismo sostible como aquel que “ten plenamente en conta as repercusións actuais, futuras, económicas, sociais e medioambientais para satisfacer as necesidades dos visitantes, da industria, do entorno e das comunidades anfitrías”. É dicir, é aquel baseado no respecto ás sociedades e a súa cultura, ao medio ambiente e que favorece o desenvolvemento económico.

O turismo sostible estase a converter nunha demanda que ten cada vez mais peso entre a poboación pero, ademais, é unha necesidade para garantir a rendibilidade e o desenvolvemento do sector turístico.

O Plan Director 2021-2023, Galicia Destino Seguro, dentro das liñas estratéxicas e plans de accións inclúe a liña 6, Sustentabilidade 360º, na que se especifica que a proposta de destino debe ser coherente coa demanda social dun turismo sustentable e aliñado coa Axenda 2030 das Nacións Unidas. A riqueza natural de Galicia supón unha vantaxe de partida como destino verde, pero é irrenunciable a redución das emisións para afrontar os retos do cambio climático. O aliñamento de todos os grupos de interese coa Axenda 2030 das Nacións Unidas impulsará a actividade económica, de tal maneira que se beneficien tanto as empresas como as persoas, grazas a un sector máis competitivo e rendible que crea emprego de calidade.



Baixo esta idea, no ano 2021 o Clúster de Turismo de Galicia, en colaboración coa Xunta de Galicia - Axencia de Turismo de Galicia, comezou a traballar na creación dun club de produto que aglutinase a totalidade da oferta turística sostible da comunidade, fomentando así a transición cara un modelo de turismo mais respectuoso co medio e coa sociedade. Este traballo materializouse en 2022 co lanzamento de Galicia Destino Sostible, unha iniciativa cuxo obxectivo é integrar e por en valor a oferta turística da rexión que contribúe a un crecemento sostible do destino así como impulsar a oferta turística sostible coa que conta a nosa comunidade. Cabe destacar que o club de produto conta xa con mais de 70 empresas adheridas e 130 ofertas turísticas publicadas.

**Cuarto.-** A Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG, coa sinatura deste convenio, que permita a consecución dos obxectivos sinalados e continúe os resultados dos convenios asinados desde o ano 2014, o que redunda no desenvolvemento do sector turístico da nosa Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao CTG unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

